UNIDADE 8: O PODER E O POLÍTICO

1.- O político, o estado e a antropoloxía política
2.- Sistemas non centralizados
    2.1.- As bandas
    2.2.- As tribos
3.- Sistemas políticos centralizados
    3.1.- As xefaturas
    3.2.- O estado
        3.2.1.- O nacemento do estado
        3.2.2.- Teorías sobre a orixe do estado
        3.3.3.- O Estado moderno
        3.3.4.- Os estudios antropolóxicos das nosas formas políticas

1.- O POLÍTICO E O ESTADO E A ANTROPOLOXÍA POLÍTICA

O aspecto político é un dos factores de máis importancia nas nosas vidas. Cando nacemos, o noso nacemento debe ser coñecido polo Estado. As regulamentacións gobernamentais sobre sanidade, contaxio ou educación protexen a nosa infancia. O Estado proporciona educación, o Estado cásanos. Ao construír unha casa para vivir nela debemos acomodarnos ás especificacións legais referentes a espacio, luz, auga... Unha proporción do diñeiro que gañamos ou gañaremos proporcionarémosllo ao Estado. A vixilancia do Estado afecta ao prezo de moitos productos que consumimos, proporciona asistencia médica a enfermos ou realiza obras públicas que serían imposibles para a maioría de nós coma estradas ou pontes.

Con esta presencia bastante ampla do Estado tendemos, tamén erroneamente, a identificar o político co Estado. Pero hai política sempre que hai dous ou máis individuos, aínda que non haxa poder institucionalizado nin goberno estable. Hai política e hai goberno sempre que se activa algún proceso social para realizar tarefas comúns ou que implican a algúns individuos. Para calquera grupo, por pequeno que sexa, existen dúas responsabilidades políticas centrais: solucionar os asuntos domésticos por un lado (afrontar as actividades necesarias e organizalas, amañar as disputas...), e saber relacionarse e manter a integridade do grupo social ante outros grupos externos por outro. A medida que desenvolvamos este tema veremos coma os estados centralizados engaden outras funcións a estas básicas.

O Estado é unha institución especializada que xurde para facerse cargo das tarefas de goberno cando os grupos sociais se fan tan grandes que a xente xa non pode gobernarse a si mesma utilizando os grupos familiares, ou a comunidade en si. Xurde xeralmente en períodos de rápido crecemento de poboación ou de cambio cultural dramático. O estado fai posible que exista a sociedade grande escala, e mesmo a favorece.

Á antropoloxía política interesoulle analizar fundamentalmente tres tipos de obxectos:

- As formas políticas máis sinxelas que o estado, tanto aquelas que perviven na actualidade, coma as que se sitúan na orixe histórica de formas políticas máis complexas.
- A análise do estado, a forma de organización política máis complexa, e a análise da súa orixe.
- E máis recentemente, a práctica política real no noso contexto, na nosa sociedade.

Algúns destes obxectos de estudio compartiunos coa Ciencia Política, pero esta centrouse máis ben no estudio das formas políticas puras ou os ideais políticos que existiron en Occidente (tiranía, monarquía, democracia, Imperio, socialismo...) e na acción política na sociedade occidental. Só máis recentemente a antropoloxía comezou a aplicar os seus métodos (observación participante, entrevistas, ...) á análise da nosa actividade política deixándose de centrar exclusivamente nas "sociedades exóticas".

2.- SISTEMAS NON CENTRALIZADOS

Os sistemas non centralizados son aqueles nos que non existe unha clara especialización política, é dicir, onde a actividade de tomar decisións que afecten ao grupo non está separada e todos/as ou case todos/as realizan estas actividades de xeito informal, sen que haxa procedementos establecidos. Imos ver exemplos de dous tipos de organizacións deste tipo: a banda e a tribo.

2.1.- A BANDA

En antropoloxía política téndese a denominar bandas aos grupos cun tamaño entre 25 e 125 membros, é dicir, pequenos. Son pobos de cazadores-recolectores. Estes pobos non usan polo tanto a domesticación de animais, nin a agricultura, a pesares de ter normalmente coñecementos sobre elas. As súas características son as seguintes:

1.- Igualitarismo político: A actividade política é igualitaria o cal indica que en principio as decisións as toma todo o grupo e que ser líder é unha posibilidade de calquera membro do grupo, os líderes son provisionais e informais.
Nestes grupos non hai o que nós podemos denominar "goberno", o poder distribúese entre as persoas, está repartido e tense so por un tempo. Pode acontecer que para facer fronte a un grupo rival, se forme unha organización máis estable entre os membros, pero superado o problema rematouse tamén coa estructura. Non hai ninguén que teña autoridade sobre outro, a política consiste aquí en buscar individualmente apoio para acadar o liderato, ou para tomar unha decisión.

2.- Igualitarismo social: Considérase a estes grupos igualitarios tamén dende o punto de vista social porque hai pouca diferenciación social, non hai clases sociais. Mesmo pode acontecer que haxa un escaso ou nulo sentido da propiedade privada persoal. Por iso as relacións económicas fundaméntanse na reciprocidade: os intercambios teñen que ser entre iguais, un gran regalo é considerado unha ofensa, un insulto.

3.- Non especialización do traballo: Nestas sociedades non hai unha grande especialización no traballo, aínda que si pode haber algún tipo de división segundo a idade e o sexo, pero os individuos tenden a intercambiar as tarefas.

Considerouse a estes grupos "igualitarios" dende o punto de vista económico, político e e social, é dicir, con poucas diferencias entre os membros de status.

Exemplo: OS BOSQUIMANOS IKUNG

No deserto do Kalahari, no Sudoeste africano, habitan unha poboación duns 1000 bosquimanos repartidos nunhas 30 bandas. Non hai ríos nin augas superficiais. As mulleres IKung recolectan, co que conseguen a maior parte do alimento. O resto procede da caza que practican os varóns. Non hai unha "esfera política" separada. Non hai xefe, nin rei, nin goberno. Pero teñen que resolver problemas políticos diversos como asignar auga, decidir cando se caza, o acceso ás poucas e pequenas zonas fértiles que existen, as relacións con outras bandas...A guerra é descoñecida entre eles. Calquera decisión importante require o consenso do grupo, así que aínda que adoita haber un líder, este é case que simbólico. En todo caso o cargo de líder non ten recompensa porque o ideal IKung é que ningún individuo estea por riba de outro. Por outra parte o líder non é máis escoitado que outro membro do grupo: pode acontecer que sexa un especialista en caza, pero que sexa outra persoa a escoitada para decidir onde ou cando montar un poboado.

Outros pobos organizados por bandas na actualidade son os inuit (esquimais do Canadá), tamén en Australia e en distintos puntos de África e América. Por suposto algúns destes pobos perigan pola perda dos seus territorios e a presión dos Estados. Unha característica que comparten todos é a de habitar nas que chamaríamos zonas marxinais do planeta (zonas nas que a vida semella difícil): deserto, selva, zona polar, estepa. Se cadra só alí lograron manter o seu territorio.



2.2.- TRIBO

As tribos son unha forma de organización intermedia entre as sociedades claramente estratificadas e a sociedade igualitaria da banda. Son unidades

máis amplas que as bandas que incorporan a agricultura e/ou a gandería e a eles adican os seus esforzos. A súas características son as seguintes:

1.- Igualitarismo social que tende a diminuír: Non hai clases sociais claras, pode haber individuos un pouco máis ricos ca outros, pero estes son desprezados se non comparten a súa riqueza cos demais. Tanto nas tribos coma nas bandas, os individuos con prestixio teñen que ser xenerosos. Se alguén é admirado pola súa habilidade na caza deixará de selo se non é xeneroso, o mesmo acontece cun sanador, bailarín ou contador de historias. Tamén o "gran home" debe ser xeneroso, se acumulan máis alimentos ou propiedades, teñen que compartilos co resto.

2.- Igualitarismo político que tende a diminuír: No político non hai un poder superior que goberne a todos/as, pero hai individuos que regulan asuntos máis habitualmente que outros. Son xefes de poboado, consellos do poboado, os "grandes homes", os lideres dos grupos de parentesco, pero a súa autoridade é limitada.

3.- Pouca especialización: Non hai unha especialización económica, salvo a diferenciación que pode haber en base á idade ou ao xénero. Tampouco hai especialización relixiosa e as funcións en rituais son desempeñadas por todos/as ou por diferentes persoas. En política tampouco hai especialización (cargos políticos permanentes), pero si hai xefes e outras figuras que mencionamos antes con poder limitado.

4.- A súa actividade política está baseada no parentesco e na posición ou rango que cada quen ocupa no grupo de parentesco. Os grupos de parentesco crean liñaxes (a través da liña masculina: patrilineais; ou a través da liña feminina: matrilineais) e clans (nos clans a liña común de descendencia remóntase a un antepasado moitas veces mítico). O rango no grupo de parentesco ven determinado por poder fixar unha filiación máis directa co antepasado orixinario. Pode haber indicios de clases sociais, pero a autoridade está repartida entre varios grupos. Hai pouca especialización política e económica (nas actividades productivas) pero sí está moi asentada a diferenciación en base á idade e ao sexo.

EXEMPLO: OS GRANDES HOMES

Este tipo de líder político existe en distintos lugares de Polinesia. Trátase case que sempre dun varón que ten seguidores en varios poboados. Os grandes homes gánanse o seu prestixio traballando máis duramente que os demais, os seus seguidores loan o seu esforzo, a súa riqueza, a súa forza, a súa elocuencia... En Polinesia ten piaras de porcos máis grandes, gracias ao duro esforzo da familia. Poden acadar unha autoridade importante, pero esta sempre estará a expensas de que poida seguir gañándose partidarios con doacións e préstamos.



Case calquera persoa que se propoña ser un “grande home” pode chegar a facelo, co seu traballo. Se a súa riqueza supera á dos seus veciños, e reparte parte desta riqueza nos festíns que el mesmo dá ou que anima a que os seus veciños fagan, se destaca pola súa xenerosidade e o seu valor na guerra... pode ter moito poder. Nestes repártese entre todos carne de porco ou outras riquezas. Os seus veciños recoñécenlle os favores pasados e anticipan futuros regalos, nisto consiste o seu recoñecemento como líder.

EXEMPLO: OS NUER

No sur de Sudán viven uns 200.000 nuer en poboados, pero non hai nada que os una politicamente, os poboados e clans que toman decisións políticas son moito menores. Cultivan millo e pastorean en réxime nómade. Fora de cada poboado non existe ningunha autoridade centralizada, sen embargo son capaces de unirse para facer fronte a ameazas exteriores.

A únidade máis básica é a familia. Varias destas unidades poden agruparse e formar unha aldea dentro do poboado. Na medida en que algunha aldea medra, por chegada de moitos membros (inmigrantes ou nacementos), separarase para formar outra aldea nun lugar próximo. Coa aldea de orixe queda establecido unha liñaxe menor (de liña: relación de parentesco), moitos deles estarán repartidos por distintos poboados e formarán liñaxes cada vez maiores, ata formar un clan. Un clan pode incluír a miles de persoas e estenderse por todo o territorio dos nuer. Dado que os matrimonios son exógamos, as alianzas fan que se establezan lazos con outros clans.

Os nuer presentan unha unidade política establecida sobre estas relacións de parentesco cando a situación o require. Trátase dunha unidade provisional (un

clan únese para enfrontarse a outro clan, ou dous clans únense para enfrontarse a un terceiro) e os lazos se disolven unha vez que o perigo pasou. De todos xeitos, a unidade funciona: o sistema é moi flexible pero é capaz de formar unha poderosa forza unida a pesar de non existir un poder central estable nin moito menos.

3.- SISTEMAS CENTRALIZADOS

Que o poder estea centralizado require que se concentre nunhas poucas mans e que dende esa esfera central se toman decisións que afectan a moita xente. Os sistemas centralizados son as xefaturas e os estados. En ambos casos trátanse de sociedades con moitos membros, existe a agricultura e a gandería, existe diferenciación en clases sociais e especialización na política (hai individuos que se adican a esta actividade)

3.1.- XEFATURAS

Despois das bandas e tribos, as formas máis complexas de organización política son as xefaturas e os estados. Os primeiros estados xurdiron hai uns 5500 anos. As primeiras xefaturas apareceron se cadra uns mil anos antes, pero hoxe sobreviven poucas. Algunhas xefaturas evolucionaron para converterse en estados, outras non, as que conseguiron manter o equilibrio nesta forma. Os conceptos de “banda”, “tribo”, xefatura”, “estado” son termos ideais, etiquetas, pero o que temos máis ben é un continuo dende a banda ata o “estado”.
Xurdiron xefaturas no Caribe, na Amazonía, no sureste de Estados Unidos e na Polinesia. Entre o uso da agricultura e a gandería e a expansión do Imperio Romano grande parte de Europa estaba organizada en forma de xefaturas, algo ao que se regresou tras a caída de Roma no século V. Grande parte do que os/as antropólogos saben sobre esta forma de goberno procede de Polinesia, onde era algo común nos tempos do colonialismo europeo. As súas características son as seguintes:

1.- Relacións sociais reguladas polo parentesco: Esta é a diferencia cos “estados”. Nestes únense persoas non emparentadas que mostran fidelidade cara un goberno. Esta característica compártena coas tribos. A importancia do grupo do parentesco crea diferenciación social.

2.- Hai cargos políticos permanentes: A diferencia con bandas e tribos é que teñen unha regulación política permanente do seu territorio, que inclúe a miles de persoas que viven en moitos poboados e/ou aldeas. A regulación da actividade política faina o xefe e os seus axudantes, que ocupan cargos políticos. Un cargo é unha posición permanente que debe ser ocupada de novo cando queda vacante por morte ou por xubilación. Os xefes e outras persoas da corte deixan nas xefaturas de ter outra función social que a dirección política. Non participan nos traballos cotiáns dos demais. Posto que os cargos se volven a ocupar de forma sistemática, a estructura dunha xefatura permanece a través das xeracións asegurando unha regulación política permanente.

3.- Uso da redistribución en economía: O poder dos xefes ten como elemento fundamental a organización da vida económica: a producción, a distribución e o consumo. É o xefe quen decide a qué cultivo se adican certas terras, por exemplo. A xente ofrece parte da súa colleita ao xefe, e en sentido oposto este patrocina festas nas que entrega parte do que recibira entre o pobo. Nisto consiste a redistribución: centralízase parte da producción e logo e repartida esta. A redistribución ten a vantaxe de permitir a especialización económica (un grupo especialízase nun tipo de cultivo e recibirá carne pola entrega do xefe).

4.- Hai diferenciación social: Hai diferencias sociais importantes, fundamentadas no parentesco e os grupos de parentesco. Cada persoa ten asignado un rango no grupo de parentesco, así que algúns xefes polinesios eran capaces de trazar a súa ascendencia hasta 50 xeracións: xustifícase a súa posición social pola súa relación máis directa coa orixe do liñaxe. A posición do xefe e dos cargos dependía da súa posición na liñaxe.

5.- Hai diferenciación no acceso aos recursos, polo tanto clases sociais. Nas xefaturas os xefes e a súa corte dispoñen de máis recursos que o resto da poboación. Ademais de recibir da poboación parte da súa producción e acumulala (ser máis ricos por isto), controlaban os recursos estratéxicos como a terra (que podían dispoñer quen e como a explotaría), a auga (que era repartida) e outros medios de producción. O establecemento de status socioeconómicos contrasta coas bandas e tribos, nas que o status está baseado no prestixo, ou nas habilidades.

EXEMPLO: OS KWAKIUTL

Habitantes da costa noroeste de América do Norte , na illa de Vancouver, este pobo foi moi estudiado polos antropólogos/as. Realmente non foron coñecidos sen contacto con Occidente. Cando Boas comezou o seu traballo con eles en 1885 levaban xa máis dun século en contacto con comerciantes e mariñeiros.

MAP 1: Vancouver Island Location Map

Naquel momento o seu nivel de vida, baseado na caza e na pesca, dada a dificultade da agricultura no seu clima, estaba entre os máis altos de Norteamérica. Cada poboado kwatiutl estaba xerarquizado en termos de prestixio, baseado no parentesco e na riqueza que podían acumular os individuos. Os xefes kwakiutl estaban baseados na herdanza, na posición na liña de descendencia, pero estas posicións mantíñanse por medio do potlatch, unha festa na que se distribuía entre todos os presentes unha grande cantidade de bens, na que se regalaban carne e mantas, un ben moi preciado, dado que non eran comestibles. Organizar os potlatch era complicado para os xefes, posto que

aínda que máis ricos que o resto da poboación, a súa organización lles facía entrar en débedas. Os potlach eran competitivos, e ningún xefe quería que o seu rival o superara neles. Todos querían regalar máis carne e máis mantas.

3.2.- O ESTADO

Os estados adoitan ser máis grandes que as bandas, as tribos e as xefaturas: o poder exércese sobre máis persoas. O poder está centralizado e aparecen as diferenciacións sociais. Esta é a nosa forma política. Na nosa forma o estado caracterízase na actualidade pola división de poderes: lexislativo (facer as leis: parlamentos), executivo (aplicalas: goberno e administración) e xudicial (vixiar o incumprimento e dirimir disputas: poder xudicial). Tamén por incorporar o voto para elixir, ao menos, ao poder lexislativo (aos/ás parlamentarios/as, membros dos Plenos dos concellos, etc). Tamén por dispoñer dunha ampla burocracia ou administración que conduce os asuntos públicos... Só algunhas destas características as podemos ver en calquera forma de estado, dende as máis antigas ata as actuais.

As características comúns que vemos en calquera forma de estado son:

1.- A coerción: O sociólogo Weber deu a principios do século XX unha definición do estado moi sinxela pero moi completa: o estado é a institución que exerce en monopolio a violencia lexítima sobre un territorio ben definido. Suprímese o conflicto interno coa policía e as ameazas externas co exército. O confinamento na cadea, a pena de morte, a confiscación da propiedade.... son actos de coerción moito máis efectivo que lanzar sobre o ofensor a maldición do home de pel de leopardo, como se fai entre os nuer.



Analicemos a definición de Weber: a violencia consiste en facer que alguén faga algo sen que o queira. Dicimos que a violencia é lexítima ou está lexitimada cando é considerada xustificada ou adecuada. Así, por exemplo, é lexítimo que o Estado obrigue a todos e todas os nenos e nenas de ata 16 anos a permanecer nos centros de ensino durante 32 horas semanais. Ningunha outra persoa ou institución, agás as institucións do Estado, poden impoñer esta obriga. Se algunha outra persoa quixera facer tal cousa, estariamos ante violencia non lexitimada, sería violencia ilegal. Denominaríamoslle secuestro e a persoa culpable sería unha secuestradora. É lexítimo que o Estado encadee á xente, ou lle impoña multas ou que as súas institucións nos retiren o coche se está mal aparcado. Se non é o Estado ou as súas institucións quen realiza estas accións chamámoslle secuestro, extorsión ou roubo.

2.- Soberanía sobre un territorio: Un poder é soberano cando é o poder superior. En circunstancias ideais contrólase a poboación que habita no territorio, e ningunha outra institución pode establecer normas que superen ás do Estado. Os Estados establecen claramente as súas fronteiras e realizan censos para saber quen é a poboación controlada. O Estado español é soberano, as súas institucións impoñen as súas normas no seu territorio. Fóra de tratados e acordos internacionais ningún goberno exterior pode intentar aplicar as súas leis no territorio do Estado español.

3.- Maxistratura: Os Estados teñen leis, xuíces e tribunais. Sen escritura as leis poden conservarse oralmente a través de especialistas responsables de lembralas. Os delictos son violacións destas leis. Ademais para resolver disputas os Estados teñen tribunais e xuíces. A lexislación do Estado chega á súa intervención en asuntos familiares, os aspectos de paternidade/maternidade e matrimonio pasan a formar parte do dereito público

4.- Sistemas fiscais: Para manter a gobernantes, nobres, funcionarios, xuíces, exército... o estado necesita ingresos. Na sociedades sen estado as persoas comparten os seus recursos cos seus parentes, pero nos estados existe esta obriga de compartir con descoñecidos, como os funcionarios. O pobo é requerido para construír obras públicas monumentais, como encoros ou sistemas de rego, obras necesarias para todos/as, pero o pobo tamén constrúe pazos, templos e tumbas para as elites.

5.- Estratificación social: A través dos tributos e impostos establécese unha forte desigualdade. As elites non participan nas actividades de subsistencia. Os impostos manteñen a moitos especialistas: funcionarios, recadadores, xuíces, exército, académicos, sacerdotes... A medida que o estado medra, crece o número de xente que deixa de terse que preocupar pola subsistencia. Nos estados arcaicos as elites recoñécense polo consumo de bens preciosos: xoias, alimentos e bebidas exóticas, vestidos elegantes..., son reservados só para os ricos



3.2.1.- O NACEMENTO DO ESTADO

Hai 5500 anos en Mesopotamia, actual Irak, apareceu o primeiro estado que coñecemos. Das relacións de parentesco pasaron á aparición dunha burocracia administrativa permanente. A clase dirixente acumulaba o excedente agrícola e mobilizaba á man de obra para obras de hidráulicas (canais, encoros...) cos que seguir producindo alimentos e para a creación de arquitectura monumental. Unha casta sacerdotal profesional presidía unha relixión oficial. Artesáns especializados manufacturaban obxectos preciosos que facían chegar a través do comercio a lonxanas rexións. Nacera o “estado”.

Algo similar acontecera en Exipto, no val do Indo (India), no val do Río Amarelo (china), en Centro América e en Perú: son os seis estados prístinos ou orixinarios que aparecen con diferencias de centos ou miles de anos cada un pero que teñen unha orixe completamente independente uns de outros. Así pois a organización do "estado" evolucionou ao menos seis veces de forma independente. Realmente máis porque hoxe se acepta que tamén teñen esta orixe independente algúns estados africanos e que parte dos problemas xerados polo colonialismo europeo en África derivan de ter roto estas estructuras.

O 99 % da nosa existencia coma especie témolo pasado en pequenas bandas: grupos flexibles, igualitarios e nómades constituídos por familias diseminadas. Esta forma de adaptación, a banda, foi de moi longa duración. Á vista da antropoloxía posterior aos anos 60, unha forma de vida bastante agradable. Pese ao que se poida imaxinar, os restos arqueolóxicos reflicten que os nosos antepasados do Paleolítico tiñan mellor saúde, que se alimentaban ben, e que non é adecuada a imaxe duns pobres cazadores-recolectores nómadas malvivindo como podían e traballando sen parar. En realidade os restos mostran que o seu estado de saúde era mellor que en case toda a historia que iniciaron dende o seu abandono desta forma de vida.

¿Cal foi a razón do abandono do estilo de vida de cazadores-recolectores?. ¿Como se convenceron de que era mellor forma de vida traballar para cultivar, iniciar a carreira da desigualdade, crear clases sociais, aceptar gobernos permanentes,...?. A resposta témola nos cazadores-recolectores actuais: os esquimais canadenses ou os bosquimanos mostran que este modo de vida require un equilibrio ecolóxico case que perfecto, é dicir, uns índices demográficos inferiores ao nivel de recursos dispoñibles. Os grupos teñen que ser pequenos e dispoñer de moito territorio. Un exceso demográfico require o abandono desta forma de vida. Esta é a razón pola cal en distintos momentos en diferentes lugares do planeta uns poucos grupos iniciaran unha forma de subsistencia e de sociedade máis complexa.

O sedentarismo e as densidades de poboación máis altas foron posibles pola domesticación de animais e plantas porque os cazadores-recolectores precisan dun territorio moi grande para cubrir as súas necesidades. Isto favorece a aparición de novas estructuras sociais. Pero o cambio non foi repentino e non en todos os lugares deu lugar á aparición do "estado". A domesticación agrícola e animal desenvolveuse de forma independente en distintas zonas do planeta, pero non todas chegaron a converterse en "estados".

3.2.2.- TEORÍAS QUE EXPLICAN A APARICIÓN DO ESTADO

a) TEORÍA DO CONFLICTO INTERNO

O colaborador do filósofo alemán Marx, Engels (XIX), desenvolve unha teoría que só de forma implícita está recollida por Marx. Inspirado na teoría evolucionista de Morgan, Engels afirma que a forma primitiva de organización social é a comunista: non hai concepto claro de propiedade persoal e os recursos se repartían entre todos/as. A innovación tecnolóxica creou excedentes, que posibilitaron o desenvolvemento dunha clase non productora que acumulaba estes excedentes. Isto implica a aparición da propiedade. Esta "clase empresarial" primitiva, para protexer os seus intereses, ten que estructurar unha forza centralizada permanente.



Engels tiña xa unha visión clara de que a reciprocidade (intercambio igual) era a forma de intercambio habitual en bandas e que os sistemas máis complexos requiren concentración da riqueza e a súa distribución a través dun axente central (xefe, rei...). Tamén identifica a estratificación social (o establecemento de clases sociais) como un dos elementos que definen o novo estado.

b) TEORÍA DO CONFLICTO EXTERNO

A idea de que os estados nacen das guerras tivo o seu gran momento co desenvolvemento do darwinismo social (XIX). Spencer, o seu teórico principal, aplicou a idea de "supervivencia do máis forte" (do máis apto, en terminoloxía de Darwin) aos individuos e ás sociedades: as más fortes prevalecerían, e dominarían aos grupos máis débiles. A existencia do perigo externo que podería supoñer un exército exterior podería empuxar a unha sociedade pouco cohesionada cara un forte liderato centralizado. O poder do "estado" e os seus inconvenientes (desigualdade social, ...) acéptase ante a perspectiva de sucumbir ante outro grupo mellor armado. Hoxe téndese a considerar que a guerra é máis ben un efecto que unha causa do estado.

c) A CIVILIZACIÓN HIDRÁULICA

Os/as antropólogos/as americanos defenderon que a orixe dos "estados" está na necesidade dun poder que concentre os excedentes de producción para afrontar obras que para un individuo ou un pequeno grupo son imposibles, como as obras hidráulicas. En Exipto, China, Mesopotamia... o "estado" nacente derivaría da necesidade de sistemas extensivos de rego para manter ou aumentar a productividade. Dos especialistas en planificar e coordinar a construcción e controlar o caudal da auga dependía a vida da comunidade, e converteuse nunha elite que dominou "estados" centralizados e despóticos.

d) A PRESIÓN DEMOGRÁFICA

Debaixo de todas estas teorías no fondo sitúase a cuestión do aumento da poboación (presión demográfica). Se a xente que vive nun territorio tende a aumentar non hai máis solución que aumentar a producción. A isto denomínaselle intensificar a producción (obter máis por cada unidade de producción: na mesma unidade de terra ou coa mesma cantidade de auga...). A producción intensifícase cambiando as técnicas agrícolas, aumentando ou mellorando as colleitas mediante un rego mellor...

Marvin Harris e outros antropólogos/as como Boserup adhírense a esta tese. En termos de Harris, toda forma de productividade conduce ao agotamento das materias primas, e a sociedade que o practica queda abocada ou ben ao colapso definitivo ou ben a intensificar novamente a súa productividade (aumentar novamente a producción).

e) A CREACIÓN DO ESTADO COMO SISTEMA

O cambio cara esta forma tan complexa de vida e cultura é visto no fondo, por estas teorías coma unha combinación de factores. Unhas acentúan uns factores, outras, outros. Pero é unha boa imaxe pensar que son varios elementos conxugados, que se retroalimentan (feedback), se potencian e se fortalecen, os que conducen á creación do estado. A imaxe da consideración da aparición do estado coma un sistema é a seguinte:



Os fenómenos que orixinan o nacemento do Estado son:

- Concentración da poboación: a poboación tende a concentrarse para a realización de traballos colectivos de grandes. En última instancia isto produce a aparición de cidades.

- A diferenciación das tarefas refírese ao feito de que os cultivos e as especialidades se diferencian unha vez que hai capital humano suficiente.
- A estratificación consiste na aparición de clases sociais, de grupos de individuos que teñen un maior acceso aos recursos da sociedade.
- A centralización da toma de decisións ten relación con buscar eficacia para a realización de proxectos a grande escala.

Todos estes factores aliméntanse entre si e son propiciados pola presión demográfica, ou pola obriga, por outros factores, a intensificar a producción, é dicir, a producir máis.

3.2.3.- O ESTADO MODERNO

A nosa forma de Estado deriva dos procesos políticos xerados a finais da Idade Media (séculos V a XIV). A partir do século XV faise manifesta a tendencia a centralizar o poder na figura do rei ou da raíña e de ampliar o territorio. Ata ese momento na Idade Media existe unha situación de "poliarquía": varios centros, individuos ou institucións podían ter poder sobre un mesmo territorio (o Rei, os nobres, a Igrexa, as cidades coas súas Cartas...). Os reis e raíñas comezan a partir deste momento a tentar concentrar en si a máxima cantidade de poder posible o que dará lugar á aparición da monarquía absoluta, un ideal político no que supoñemos que todo o poder está en mans do rei, e que este o exerce de forma absoluta ou única. En realidade isto foi máis ben unha tendencia, e os reis e raíñas europeos dos séculos XVI a XVIII, tiñan que ter en conta nas súas accións políticas á nobreza, que acumulou moito poder, ou á Igrexa, que seguía a ser un axente político de primeira orde.

A seguinte forma do Estado nesta liña foi o Estado Liberal que se asenta no XIX. Neste momento esténdese as ideas liberalistas (defensa da liberdade e da igualdade dos individuos) que favorecen tamén o novo sistema económico que está asentado en moitos territorios de Europa: o capitalismo. No Estado Liberal do século XIX recoñécese a división de poderes, asignando aos Parlamentos a capacidade de lexislar (crear leis), ao rei o poder executivo (facer cumprir as leis, desenvolvelas e aplicalas) e distínguese tamén un poder xudicial que exerce as funcións de maxistratura. O procedemento para acceder aos Parlamentos pasa a ser o voto, aínda que o sufraxio corresponde moitas veces ás elites. Existe o sufraxio censitario, polo que hai que ter un certo número de propiedades para poder votar, despois aplícase o sufraxio universal masculino (votan todos os varóns) e só máis recentemente se estende o sufraxio

universal (votan todas as persoas maiores de idade). A actividade do estado no Estado Liberal é menor que a do estado actual; as súas funcións principais son o exército e a policía, as obras públicas e a organización do poder xudicial. Hoxe o estado ten moitas máis actividades. Por isto o Estado Liberal coñécese tamén coma "estado mínimo" (pouca actividade).

No século XIX xurden tamén as ideoloxías da liberación ligadas á crítica que fan á desigualdade existente na sociedade do seu momento. En realidade nin o liberalismo, nin a revolución industrial, nin o capitalismo trouxeran mellores condicións de vida para a maior parte da poboación. No socialismo e no comunismo (con base no pensamento de Marx) e no anarquismo (con base no pensamento de Bakunin) organízanse as clases populares que critican a inxustiza existente.

Dende os anos 30 comézase a desenvolver unha nova forma de Estado, denominado "Estado do Benestar" ou na terminoloxía constitucional española "estado social e democrático de dereito". As causas da evolución do Estado Liberal son as súas propias crises (coma a crise económica do 29) e as críticas que reciben por parte dos movementos de liberación. O Estado do Benestar pasa a asumir moitas outras funcións: educación, sanidade, vivenda, regulación estable da xubilación, do apoio económico en caso de enfermidade.... Esta forma de Estado desenvólvese a partir do final da Segunda Guerra mundial (1945), máis tardiamente no estado español a causa do franquismo (1936-1975). Polo seu aumento de actividade denominouse tamén "estado máximo".

Un dos debates políticos actuais céntrase neste aspecto: debe o Estado tender a ser "mínimo" (defendido polos neoliberais) ou debe o Estado tender a ser máximo. Débese ampliar a esfera do público ou ampliala?.

3.2.4.- ESTUDIOS ANTROPOLÓXICOS DAS NOSAS FORMAS POLÍTICAS

A complexidade da nosa forma de Estado ten pouco que ver coas estructuras que centraron a interese dos antropólogos e antropólogas nos primeiros tempos. Administracións complexas, grandes burocracias, abundantes xerarquías, ... Sen embargo dende os anos 60 as nosas formas políticas son tamén obxecto de análise por parte desta disciplina.

A antropoloxía política busca analizar o poder alí onde se exerce e de comprender no concreto como unhas persoas gobernan a outras e en que condicións xurdiu ese poder. Buscando esta concreción tense interesado moito pola política local e as ramificacións do poder local, analizando o clientelismo e o caciquismo. Neste sentido ten mostrado como auténticas dinastías instálanse no poder mostrando unha lóxica que non sempre encaixa na visión superficial que podemos ter dos sistemas democráticos.

Outro tema de estudio da antropoloxía política na nosa sociedade ten sido a análise das escenificacións do político. O poder, as persoas que exercen o poder, preséntanse coma delegados da sociedade enteira en calquera forma

de organización política e esfórzanse por utilizar ritos e símbolos que mostren esta cualidade de portavoces.

Os ritos da dramaturxia política apelan á nación e á súa memoria e materialízanse por medio da bandeira, as medallas, as referencias que salpican os discursos, os premios. Estes ritos mostran dúas cousas: son expresión da cohesión entre os gobernados mostrando o seu apego aos símbolos comúns, e, doutra banda, reafirman a aceptación colectiva do poder establecido.

Hai outros grandes rituais que forman parte da vida política: os mitines e as manifestacións. Nunha manifestación exhíbense os símbolos do antagonismo, non os do consenso; aquí denúnciase, interpélase. No mitin político cada bando fai demostración de poder: no escenario, nos oradores, no lugar. Efectos publicitarios, promesas, polémicas: o mitin ten que ser un auténtico espectáculo onde todo contribúe: a posta en escena, o decorado, as músicas, as posturas.
Hoxe o espectáculo político é inseparable do desenvolvemento dos grandes medios de comunicación. As campañas electorais, os feitos e xestos dos gobernantes e candidatos só adquiren toda a súa importancia se aparecen nas pantallas. A producción de imaxes creou unha nova dramaturxia. Deste xeito os grandes mitins organízanse de xeito que a súa mensaxe teña un eco televisivo inmediato: ás 21:10 horas, no momento da conexión en directo débese enviar a mensaxe en cápsulas. Porque o/a político/a moderno, quere ser ante todo un bo comunicador e a elocuencia televisiva é sinónima da simplicidade, ten tanta importancia a forma coma o contido.

Unha das consecuencias da televisación do político é a trivialización dos actos. As caras, os discursos, as frases repítense por todas as cadeas e perde importancia a palabra. Por iso é mester manter un pouco a intriga gracias aos sondaxes e ás confrontacións entre os antagonistas. Isto é, por outra parte, moralmente esixible: pese á repetición dos eslogans os cidadáns/as debemos estar interesados, debemos participar nas eleccións, porque doutro xeito o sistema de elección queda deslexitimado. Finalmente os elixidos só teñen dereitos en canto son elixidos pola cidadanía, a cidadanía debe expresarse.

Ademais sendo certo que a realidade política contemporánea sométese ás regras do xogo da comunicación, tampouco se produciu a substitución

inmediata doutras prácticas políticas: inauguracións, conmemoracións, entregas de premios... continúan a mostrar a súa vitalidade.

Os pobos “primitivos” ou “exóticos” estudiados nun principio pola antropoloxía teñen cambiado. O planeta se ten feito pequeno, e o sentimento de rareza que rodeaba a estes pobos desapareceu por completo. A comunicación e o turismo fan fácil o acceso a eles. Se hai alguén distinto que ao/á antropólogo/a lle interese estudiar, xa non é algo remoto: o “outro” , o “diferente”, forma parte da nosa cotidianidade. Neste sentido os efectos da mundialización son unha constante preocupación: como se manteñen e relacionan dúas ou máis formas diferentes de “ser funcionario”, como se inventan formas de colaboración en marcos burocráticos grandes, ou como a chegada dunha cultura política diferente non significa a simple substitución dos modelos anteriores, senón unha reinterpretación para adecualas ás regras de xogo locais, son temas de estudio para a antropoloxía política.